



informa

MESA SECTORIAL DO 16 DE NOVEMBRO DE 2018

1. Bases do procedemento para a selección de FEAS.

Despois de mais de 20 anos todo o persoal licenciado sanitario, grazas a este pacto poderá acceder ao emprego dunha maneira normalizada, igual que o resto de categorías.

Unha vez publicadas as bases abrírase o prazo para a inscrición nas listas, quedando o 30 de xuño como data de referencia para a elaboración das mesmas.

2. Flexibilización do desfrute dos días de libre disposición.

Aprobouse que os LDs ordinarios e adicionais do ano 2018, se poderán desfrutar ata o 31 de marzo de 2019.

3. Condicións laborais e asistenciais do persoal dos PACs.

Convocarase mesa sectorial extraordinaria sobre este tema o vindeiro venres 23 de novembro de 2018, onde o SERGAS presentará as súas propostas de mellora para o persoal dos PACs.

4. Ordes de integración no réxime estatutario de persoal funcionario e laboral.

Quedan aprobadas as ordes de integración.

5. Acordo da Fundación do 061 e a Xunta de persoal polo cambio de centro de traballo á Estrada.

Presentan o acordo e comprométense a tratar na mesa sectorial os temas incluídos no mesmo:

- Puntuación adicional no Concurso de traslados
- Pacto de contratacións
- Itinerarios profesionais

6. Rogos e preguntas.

- A oferta de emprego de 2018 a presentarán en decembro. Non coñecemos nin o nº de prazas nin as categorías.
- No concurso de traslados aberto e permanente do 2019 incluírase aos FEAs e mais os Técnicos/as de farmacia.
- OPE 2015-2016: convocatoria do acto de elección en decembro e toma de posesión na segunda quincena de xaneiro de 2019.
- Solicitamos a publicación do Decreto de creación da categoría de Técnico/a superior en dietética. O SERGAS non ten ningunha intención de facelo.
- Solicitamos que todo o persoal que realiza gardas localizadas en días de especial significación cobre o dobre igual que o persoal licenciado sanitario.
- Solicitamos a cobertura das prazas de enfermaría dos COF con matronas dado que o traballo que desempeñan é da súa competencia.